



Asunto: PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA COA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO.

(Corrección erros do publicado o 14/11/2018)

**ANUNCIO DATA, HORA E LUGAR DE
CELEBRACIÓN DO SEGUNDO EXAME**

Reunidos os membros do tribunal cualificador o día 6 de novembro de 2018, acordaron, entre outros extremos, que o segundo exercicio deste proceso selectivo, consistente na realización dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio na que se deberán realizar dous supostos prácticos de carácter ofimático, realizados con ordenador, celebrarase o vindeiro día **22 de novembro de 2018, ás 11,00 horas, no centro social Marcial Diz Garrido desta vila, sito na rúa Marquesa do Pazo, número 22.**

De conformidade coa Base VI do proceso selectivo, o tempo total para realizar o referido exercicio será de UNHA HORA, na que haberá que responder a un total de 40 preguntas relacionadas cos supostos prácticos que o Tribunal plantexará en relación cos programas de tratamento de textos e de folia de cálculo.

Para a cualificación do exercicio, cada pregunta ben contestada sumará 1 punto e cada pregunta mal contestada restará 0,50 puntos. As preguntas sen contestar non suman nin restan. A suite coa que se traballará será Office 2016, desactivándose as funcións correspondentes á corrección automática de textos.

Recórdase aos aspirantes que deberán presentarse á proba provistos do DNI ou documento oficial que permita a súa identificación, e que haberá un chamamento único, de tal xeito que a súa non presentación no momento de ser chamados suporá a súa exclusión do proceso selectivo agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados polo Tribunal.

No caso de que o número de aspirantes superase ao número de equipos informáticos dispoñibles, farase un chamamento por orde alfabético e os aspirantes que non puidesen acceder ao primeiro turno deberán agardar nunha sala que o Tribunal porá a súa disposición. Neste suposto os aspirantes que accedesen ao primeiro turno deberán permanecer na sala de exame ata que finalicen tódolos aspirantes.

Documento asinado electronicamente

A Presidenta do Tribunal

María Jesús Rodríguez Freire